

MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE ESO Curso 2022-2023

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Tendo en conta a modificación do calendario de avaliacións e as diferencias que se atopan na etapa da ESO e Bacharelato se esixe facer unha modificación na programación que afecta o alumnado da ESO.

Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso que coincidirá coa terceira avaliación polo que a valoración do alumnado durará ata o mesmo día en que se produza a avaliación ordinaria, obtendo a nota final pola media obtida nas tres avaliacións do curso.

- O aprobado será un 5. Esta nota obterase da suma entre as distintas partes sempre e cando se saquen os mínimos nelas. De non sacar os mínimos non se poderán sumar e a calificación será suspenso.
- Os alumnos/as exentos da práctica serán avaliados mediante a proba teórica (100%) que poderá engadir cuestións sobre observación e análise das probas prácticas dos compañeiros (mínimo para facer a media 4). Mínimo para aprobar un 5.
- Os alumnos lesionados ou con diversidade funcional, que poidan facer algunha actividade física poderán ter probas prácticas adaptadas á súa lesión ou diversidade funcional, coas porcentaxes xa mencionadas de 60% práctica e 40% teórica.

En Ferrol, a 15 de Marzo de 2023

Asdo.: Alfredo Javier Rodríguez Pérez

Xefa/e do departamento de Educación Física